

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Blas Varela, María Esther de
Caparrini Marín, Natalia
Doval Ruíz, María Isabel
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Tabarés, José Luis
Ramos Cabrer, Manuel
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rubio Armesto, María Belén
Soto Carballo, Jorge Genaro
Souto García, Raquel

DECANOS/DIRECTORES

Currás Valle, Consuelo
Díaz Redondo, Rebeca Pilar
Ferro Soto, Carlos Antonio
García Cutrín, Francisco Javier
Garrote Velasco, Gil
Lantarón Caeiro, Eva María
Lavilla Beltrán, Isela
Pardo Froján, Juan E.
Picos Martín, Juan
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Torres Romay, Emma

PDI-A

Collazo Fernández, Antonio
Falagán Mota, Jorge
Fernández Suárez, Emilio
Paz Penín, Concepción
Pazos Arias, José Juan
Peña Gallego, M^a de los Ángeles
Porteiro Fresco, Jacobo
Rivo López, Elena
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Ferreiro Vázquez, Óscar
González Santamaría, Pedro
Torres Outón, Sara M^a

ESTUDANTES

Carro Parafita, Pedro Manuel
Diz Folgar, Manuel
Gil Hidalgo, Paula
Ramos Vázquez, Antonio Manuel
Rúa Estévez, José Manuel
Vázquez Alonso, Aroa

PAS

Cebro Rodríguez, Xoan
Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL

Blanco Gómez, César
Calviño Rodríguez, Xulio
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Pazos Currás, Marta María
Vera Isasa, María

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Lorenzo Rodríguez, Edita de
Gómez Rodríguez, Alma M^a
Montero Reguera, José Francisco

INVITADA

Torres Guijarro, Soledad

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 11 de marzo de 2022, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 11 de marzo de 2022 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, o secretario xeral e outros membros do equipo de goberno asisten presencialmente no Paraninfo, xunto coas persoas que así o solicitaron con carácter previo. Os restantes asistentes conéctanse en liña, sen que consten particulares incidencias. Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma. Previamente ao comezo da reunión, expúxose o seguinte aviso:

“Se hai problemas técnicos, inténtao de novo ou revisa se no teu correo te chega unha invitación a unha sala alternativa coa correspondente clave.

NORMAS

Conexión do micro e do vídeo:

- *Para a identificación dos membros por parte do secretario xeral (antes do inicio da sesión)*
- *Nas quendas de palabra.*

Intervencións: máximo 5 minutos

Uso do chat: para pedimentos de palabra e de “votación”.

En cada punto:

- *Proposta de aprobación por asentimento*
- *Petición de intervención coa palabra “debate” no chat (un minuto)*
- *Se non hai petición de “debate” e de “votación”, procederase á aprobación por asentimento*
- *Se hai petición de “votación”, farase coa ferramenta da que dispón a aplicación nun tempo limitado*
- *Suma dos votos das persoas conectadas e dos membros presentes no Paraninfo que non estean conectados e anuncio do resultado das votacións por parte do secretario xeral”.*

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do martes 1 de febreiro de 2022.

O reitor informa de que non se recibiron alegacións á acta.

Apróbanse por asentimento a acta.

2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- Convocatoria de eleccións ao Claustro e á Reitoría: o reitor anima á participación, sobre todo de estudantes, para presentar candidaturas ao Claustro, e lembra que se pode votar “non” nas eleccións a reitor se houbera unha soa candidatura, segundo a nosa normativa. Aclara cales son os seus compromisos ata o fin do mandato e a vontade de consensuar proxectos se houbera candidaturas da oposición nas eleccións á Reitoría.
- CRUE e Consello de Universidades:
 - Tratouse a modificación da Lei da ciencia.
 - Houbo acordo nas cuestións básicas.
 - Estamos á espera das modificacións relativas aos contratos ligados ao desenvolvemento da investigación.
 - Pedíuse unha solución transitoria.
- Sinatura do convenio sobre a validación de materias de FP polas universidades do SUG: o convenio permite clarexar as materias validables e facelo de xeito automático.
- Constitución do CETIC e da Mentoría Ética:
 - A Vicerreitoría de Investigación creou o CETIC.
 - O CETIC, xunto coa figura da mentora ética, que ocupará María José Bravo Bosch, cobren todos os aspectos da ética na Investigación.
- A asociación CES-UVigo prevé botar o primeiro barco solar da Universidade de Vigo.
- XIII Olimpíada de Xeoloxía.
- Hoxe ten lugar a Olimpíada Informática Galega 2022.
- A Facultade de Ciencias Xurídicas e Traballo pon en marcha o Premio de investigación xurídica en lingua galega Xosé Lois Franco Grande.
- Novos decanos/as comisarios:
 - Facultade de Historia: Julio Prada
 - Facultade de Dereito: continúa Marta Fernández
- Laboratorio de comunicacións cuánticas:
 - Estase buscando unha localización. Zona Franca porá á nosa disposición, mediante un aluguer, un dos edificios de López Mora. Tamén se están avaliando espazos de aluguer máis preto do campus.

- O laboratorio situarase organicamente en atlantTic, como unha unidade singular, e servirá para atraer talento e facer de Vigo un referente en comunicacións cuánticas.
- En paralelo, estase a traballar no financiamento dunha fábrica de chips fotónicos liderada por Zona Franca e por empresas do sector.
- VIII Congreso da Sociedad Española de Biología Evolutiva en Vigo: Organizada por Emilio Rolán, David Posada, Armando Caballero, Alberto Velando ou Iria Fernández, xunto con Miguel Arenas, Carlos Canchaya, Ángel P. Diz, Juan Galindo, Juan Gefaell e Humberto Quesada.
- UVigo Motorsport inicia a fase de fabricación do monopraza autónomo UM22.
- Sinatura do Plan de financiamento.
- Elena Ojea, autora principal do capítulo sobre océanos do sexto informe do IPCC.
- Novo libro sobre a relación da auga e do dereito
- O Observatorio da Gobernanza e o Instituto Galicia Sur analizan a toma de decisións dos profesionais sanitarios durante a pandemia.
- O grupo de investigación EcoAfrik enriquece o catálogo de especies e de xéneros dos ecosistemas bentónicos da costa africana: Marta Gil e Fran Ramil participaron en campañas oceanográficas exitosas na costa de África.
- Implicacións da reforma laboral na contratación polas Universidades públicas.
- Inauguración das instalacións de xeotermia e de aerotermia no campus de Ourense.
- Consello Galego de Universidades
 - Luz verde ao renomeamento da Escola Universitaria de Estudos Empresariais como Facultade de Comercio.
 - Informe favorable da creación dos seguintes centros:
 - Facultade de Deseño
 - Facultade de Relacións Internacionais
 - Facultade de Dirección e Xestión Pública
- Sinatura do convenio coa EGAP: Ofreceranse 24 cursos de balde para o PAS.
- Un ciclo de seminarios para aprofundar no Selo Europeo de Recursos Humanos en Investigación.
- Xuntanza con Accu Ourense: Trabállase nunhas recomendacións para o tratamento da problemática de persoas con enfermidades relacionadas co Crohn e para a dotación de salas para persoas ostomizadas.
- A Escola Aberta de Formación Permanente amplía a súa oferta con catro novos cursos.
- Nova edición dos cursos gratuítos e-Destrezas: Colaboran o Consello Social e o Santander.
- Inauguración do novo portal de emprego.
- Apoiamos o emprendemento, mediante diversas actuacións e programas.
- Campus Rural: unha vez lanzada a convocatoria ás empresas, o estudantado poderá solicitar realizar as súas prácticas nalgún concello rural. Esta fase abrirase do 8 ao 22 de marzo e a selección realizarase en función da nota media do expediente académico.
- O Campus de Pontevedra, *Green Campus*, énchese de niños para paxaros.
- Inauguración dos novos espazos INCUVI.
- O Rotary Club concédelle o Premio Servir 2022 ao campus de Pontevedra “como piar básico da cidade”: Destacan as súas accións en materia de medio ambiente, cultura e defensa dos valores sociais.
- Peche do proxecto MOBAE, liderado pola UVigo: Pablo Cabanelas, investigador principal do proxecto internacional coa vicerreitora de Investigación.

- Residencia ComTecArt, impulsada pola Universidade e a Xunta de Galicia: estudantes de diferentes titulacións crearán na Cidade da Cultura videoxogos inspirados en Arnoia, Arnoia de Méndez Ferrín.
- Comité de Sabias.
- Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia:
 - Talía Rodríguez, Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade, Cristina Delgado, Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal, Susana Reboreda, Área de Historia Antiga, Carmen García Mateo, catedrática de Teoría do Sinal e Comunicaci3ns e investigadora deatlanTTic.
 - Feira divulgativa eXXperimenta en Feminino, na cidade de Ourense, e o programa de obradoiros Elas fan Cientec no campus de Vigo.
- eXXperimenta en Feminino recibe o XVI Premio Clara Campoamor. Alma Gómez, Julia Carballo e Nieves Lorenzo, coordinadoras do proxecto.
- Mulleres importantes e esquecidas na historia das matemáticas: Exposición na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Carmen Quintero, Miguel Mirás e Nicanor Alonso, entre os docentes implicados.
- Patricio Sánchez, membro do novo Observatorio de Derechos Humanos de España.
- Inauguración do CITMAGA.
- Xuntanza sobre o teletraballo: Compromiso de preparar e aprobar un plan piloto para os servizos informáticos. Unha vez preparada a proposta, a Xerencia a elevará á mesa de negociación.
- O Foro Económico de Galicia presenta o documento sobre o financiamento autonómico. Participaron os profesores Santiago Lago e Alberto Vaquero. O estudo foi encargado polo Parlamento de Galicia.
- Empresas galegas ligadas a Conxemar visitan a ECIMAT.
- Promoción da transferencia desde o Centro de Investigación Mariña.
- A Escola de Enxeñaría Forestal traballa no futuro do sector forestal en Galicia
- Axenda de impulso da industria forestal-madeira promovida pola Axencia Xeral da Xunta de Galicia xunto coa Escola de Enxeñaría Forestal.
- A Galicia que funciona: eloxio da transferencia universidade-empresas:
 - Xornada 1. Ciberseguridade Xornada 2. Hidróxeno verde Xornada 3. Loita contra o lume.
 - Haberá máis xornadas con temas nos que somos fortes en transferencia.
- A Galicia que funciona: ciberseguridade.
- A Galicia que funciona: hidróxeno verde.
- A Galicia que funciona: loita contra o lume.
- Novas guías da ANL e actividades de desenvolvemento da lingua galega.
- Convocatoria dos Premios de poesía, relato curto e tradución 2022.
- No día de Rosalía, a Facultade de Educación e Traballo Social sementou para o futuro coa lingua e coa cultura galegas.
- Negociación do convenio de I+D:
 - Incluirá infraestruturas científicas e obras.
 - As negociacións relativas a novos edificios están en fase inicial.
 - Seguimos tentando acadar espazos na ETEA para situar a Facultade de Ciencias do Mar e os mestrados relacionados co mar da Facultade de Bioloxía.
- Entrega dos premios de fin de carreira. A UVigo recibe o maior número de galardóns do SUG.

- Novos indicadores de transparencia en Dyntra.
- Consello reitor do CINBIO:
 - Aprobáronse cambios suxeridos polo comité asesor externo.
 - Avaliouse o esforzo feito para a presentación da convocatoria María de Maeztu.
 - Déuselle o visto bo á remodelación do centro e ás medidas xa aprobadas polo Consello de Goberno no regulamento de réxime interno.
- Sinatura do convenio coa Fundación Mentor: tras a sinatura dun convenio específico, a Universidade de Vigo participará no proxecto Fundamental, dirixido á empregabilidade dos nosos egresados/as, co apoio do Concello de Vigo, da Fundación Mentor e de máis de 70 empresas.
- II Premios GirlGeekCovid.
- A UVigo e a Deputación de Pontevedra recoñecen catro alumnas como referentes STEM para as futuras xeracións de científicas e de tecnólogas: Ana Ramírez, estudante do Mestrado en biotecnoloxía avanzada, e Marielena Márquez, do Mestrado en enxeñaría de telecomunicación, son as dúas gañadoras dos II Premios GirlGeekCovid. Accésit para Uxía López, estudante do Grao en Química, e para Andrea Busto, do Mestrado en enxeñaría de telecomunicación.
- Premio Uviguala: Ángela González Garrido, primeira graduada da Escola de Peritos (1965).
- En abril instalaranse as máquinas expendedoras de compresas e de tampóns en todos os centros.
- Peche do Blue Biolab.
- Co liderado do Campus do Mar, creouse un Laboratorio Transfronteirizo de Biotecnoloxía Mariña.
- Xornada Mulleres e ciberseguridade.
- Mulleres AER no sector da automatización e da robótica.
- Foro Tecnolóxico de Emprego:
 - Presencial e mixto.
 - Abrangue os tres campus.
 - Récord de participación.
- UVigo e COPASA abordan un proxecto.
- UVigo e CRTVG crean sinxelo.
- Luis Liz Marzán se reincorporará á UVigo.
- Liña de axudas para refuxiados de Ucraína. Agradece a todas as persoas implicadas.

Marta Pazos pide a palabra para preguntar sobre a reunión da CRUE e a reforma laboral. Entende que o momento é difícil, pero non entende por que na USC xa teñen aprobada a normativa correspondente e na UVigo aínda se está a esperar. Cre que non se deu a información suficiente e que hai xente a esperar pola renovación dos seus contratos. O reitor pide calma e paciencia e haberá unha reunión cos investigadores. Entende que a única Universidade con normativa por aprobar é a de Córdoba. A situación da USC é distinta en canto ao persoal e fala das súas conversas co reitor, dado que a súa normativa é máis ben procedemental e aínda están a buscar financiación. Nos xa sabemos cales son as alternativas e imos avanzando. Queda por desenvolver o relativo ao artigo 83, o demais está bastante claro. A vicerreitora de Investigación, Belén Rubio, que ven da xuntanza da CRUE en Toledo, informa sobre a situación. Existe desánimo entre os vicerreitores/as de España, dado que aínda non hai certezas. Comenta certos detalles e informa de que se elaborou un manifesto conxunto das Universidades. A vindeira semana haberá unha reunión de xerentes de CRUE da que se espera algún acordo sobre a aplicación de nova normativa con criterios comúns para todas as Universidades. Confirma que a Universidade de Córdoba é a que ten máis adiantada a normativa, aínda que dubidan

se a sacarán. Informa sobre a evolución da lei da ciencia, que está a tramitarse, aínda que non se espera que sexa aprobada ata setembro. Marta Pazos comenta que enviará a documentación da que dispoñe e indica que en certos aspectos se pode esperar, pero que habería que avanzar noutras cuestións, como son os procedementos para facer as convocatorias. O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado (VOAP), Manuel Ramos, explica que hai un borrador de normativa dos procesos selectivos que está a ser analizado esta semana polos servizos e levarase na semana que ven á mesa de negociación.

Rebeca Díaz pregunta polas posibilidades de que refuxiados ucráinos se matriculen na UVigo a través de mecanismos especiais. O reitor comenta que se está a estudar este asunto e que as axudas sexan para o curso que ven. En relación co asunto comentado por Marta Pazos comenta algunhas dúbidas orzamentarias en certo tipo de convocatorias e se se poderían valorar solucións alternativas, como unha moratoria para a execución. O reitor indica que o estudará, dado que a maioría das convocatorias anteriores non estaban preparadas para a reforma laboral, aínda que as novas se espera que si. Pídelle a Rebeca Díaz que lle envíe os datos concretos da convocatoria para consultar aos servizos.

Xan Cebro indica no chat que “o Ministerio de Facenda e Administración Pública fixo un borrador de criterios comúns para a aplicación do proceso de estabilización derivado da lei 20/21. Pode servir de guía de actuación ás diferentes administracións. É moi completo e aclara bastantes dúbidas”. O reitor agradece o comentario.

O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado comenta que o retorno de Luis Liz á UVigo foi un empeño persoal do reitor ao longo destes catro anos e quere que conste o seu agradecemento por este traballo. O reitor entende que é para o interese xeral de toda a UVigo.

3. Adhesión ao Plan Antifraude da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á xerenta, que indica diversos aspectos do plan, que xa foi aprobado por resolución reitoral, como unha obriga legal (europea e nacional) cara aos fondos de recuperación.

Obxecto: O Plan de medidas antifraude ten por obxecto establecer medidas para protexer os intereses financeiros da Unión Europea, conforme ao disposto no artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia, naqueles proxectos xestionados pola Universidade de Vigo e que obteñan financiamento con cargo ao dito mecanismo.

A que se aplica: Aos proxectos executados pola universidade, financiados a cargo dos fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

A quen se aplica: A aquelas persoas con funcións de planificación, xestión, decisión, control e pago de proxectos:

- Empregados/as da universidade e os seus medios propios.
- Axentes nos que se delegara ou que colaboren no exercicio dalgunha das funcións.

- Persoal designado pola universidade que interveña na execución coordinada con outras entidades executoras de proxectos financiados con fondos NGUE.
- Beneficiarios, socios, contratistas e subcontratistas.

Organización e ordenanza: As xestións das medidas contempladas no plan corresponderanlle aos órganos e/ou ás concretas unidades administrativas que figuran no mesmo, segundo a función atribuída a cada unha.

As medidas de loita contra a fraude previstas son as seguintes:

Prevenición: Medidas destinadas á redución da posibilidade de cometer fraude.

- Declaración institucional.
- Código de conduta ético.
- Accións formativas.
- Dar publicidade agregada da referencia dos proxectos, subvencións, axudas e contratos que reciben financiamento dos fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia no apartado específico da páxina web da universidade.

Corrección: Medidas correctivas aplicables tras a detección dunha posible fraude ou sospeita fundada desta.

- Anular e reavaliar o procedemento de adxudicación ou de concesión de subvencións/axudas.
- Cancelación de maneira parcial ou total dos contratos, subvencións ou axudas afectadas pola fraude.
- Aplicación de correccións financeiras.

Detección: Medidas cuxo obxectivo é establecer mecanismos para detectar a tempo os comportamentos fraudulentos que escapan da prevención

- Sistema de «bandeiras vermellas».
- Procedemento de verificación da información e documentación achegada por parte dos beneficiarios, socios, contratistas e subcontratistas.
- Implementación dunha canle de denuncia interna.

Persecución: Establecemento de accións co obxectivo de perseguir a comisión de condutas fraudulentas.

Protocolo de comunicación e de actuación ante unha sospeita de fraude.

- Quen comunica os feitos?
- A quen?
- Como?

- Onde se notifica?

Remata a exposición cos Protocolos para a xestión dos conflitos de intereses:

Protocolo de xestión de conflitos de interese declarados:

1. Identifícase un conflito de interese real, aparente ou potencial-> notificación á persoa responsable ou superior. Cautelosamente, a persoa en cuestión está obrigada a absterse de calquera intervención do procedemento.
2. A persoa responsable ou superior confirmará a existencia ou non de conflito -> prazo: tres días.
3. No caso de que non houberse conflito, a información obtida conservarase para analizar ámbitos sensíbeis.
4. Se se confirma a existencia dun conflito, tomaranse as medidas adecuadas: substituír a persoa afectada, determinar os efectos sobre o procedemento, excluír o operador do procedemento en cuestión.

Protocolo de xestión de conflitos non declarados:

1. Os órganos encargados de resolver os procedementos tramitados para a execución de proxectos financiados con fondos NGUE poderán ordenar a investigación de calquera feito ou circunstancia que poida afectar ou comprometer a imparcialidade do persoal que tramita o procedemento.
2. Se tras a investigación non hai conflito -> peche e conservación da información
3. Se existise conflito -> adoptaranse algunha das medidas previstas na xestión de conflitos de intereses declarados.

Ademais poderanse propoñer medidas disciplinarias ou administrativas contra o persoal implicado e publicar o resultado das actuacións realizadas.

Apróbase a adhesión, por asentimento.

4. Aprobación, se procede, da modificación do artigo 16 do Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno.

O reitor cede a palabra a xerenta que explica a modificación do artigo 16 engadindo un punto 2 e trasladando o antigo punto 2 ao actual punto 3:

Artigo 16. A Comisión de Planificación e Asuntos Económicos

1. A Comisión de planificación e asuntos económicos terá competencia para:

a) avaliar a demanda social, os recursos materiais e humanos con que conta a Universidade de Vigo e os que precisa para o desenvolvemento completo dos planos de estudos, así como as

dispoñibilidades existentes para o seu ensino dentro da programación plurianual da Universidade de Vigo,

- b) estudar os proxectos de instalacións, equipamentos e mantemento que non se financien co orzamento anual da Universidade,
- c) informar os cadros de persoal funcionario e laboral de administración e servizos,
- d) estudar as propostas de orzamentos ordinarios e informar sobre as necesidades de orzamentos extraordinarios e adicionais que lles sexan presentados,
- e) informar das contas anuais e da liquidación do orzamento,
- f) analizar as modificacións orzamentarias e transferencias de crédito,
- g) avaliar e informar da realización de obras de ampliación, reparación e mellora dos diferentes centros da Universidade, que sexan con cargo ao orzamento da Universidade,
- h) elaborar propostas de distribución de fondos que sexan da súa competencia e informar os pedimentos que, referentes a estes fondos, lles sexan formulados,
- i) informar os proxectos de regulamentos e normativas da súa área de competencia.

2. En execución do Plan de medidas antifraude aplicable aos proxectos da Universidade de Vigo financiados con fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, corresponderalle á comisión de planificación e asuntos económicos do Consello de Goberno o exercicio das seguintes funcións:

- a) Velar polo correcto desenvolvemento e cumprimento do plan, así como analizar o seu funcionamento e propor modificacións.*
- b) Coordinar e programar as accións para a súa implementación.*
- c) Realizar a revisión periódica do cuestionario de autoavaliación do nivel de risco.*
- d) Actualizar o sistema de indicadores ou bandeiras vermellas para a detección de supostos de fraude ou de corrupción na execución de proxectos financiados con fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, por proposta do/da responsable do cumprimento.*
- e) Informar periodicamente o Consello de Goberno sobre as actuacións realizadas en execución do Plan de medidas antifraude.*
- f) A investigación, a avaliación e a cualificación dos supostos de fraude sistémica.*

3. A persoa que ocupe a Xerencia formará parte, como membro nato, da Comisión de planificación e asuntos económicos.

Apróbase, por asentimento.



5. Aprobación, se procede, do calendario académico da Universidade de Vigo para o curso 2022/23.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral quen indica que o calendario, basicamente, é o mesmo que o curso pasado, dado que o día de comezo das clases será o luns 5 de setembro (o presente curso comezou o 6). A Secretaría Xeral elaborará o modelo de cronograma de cores sobre a base do documento remitido. Queda pendente de aprobación o calendario do Centro Universitario da Defensa da Escola Naval Militar de Marín.

Apróbase, por asentimento.

6. Ratificación, se procede, do acordo sobre complementos retributivos do persoal laboral acadado na Mesa de Negociación do PDI da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, que expón o seguinte:

Quinquenios e sexenios de profesorado axudante doutor:

Acordo para inclusión na próxima convocatoria -> Efectos 1/1/2022

- Nivel 26

Trienios de persoal investigador:

- Preacordo para abonamento do primeiro trienio con efectos do 1/7/2022
- Revisable para adiantar a data de efectos no acordo final (para asinar en xuño 2022)
- Cantidades previstas no convenio colectivo para o PDI laboral
- Tempo parcial: proporcional á dedicación
- Resto de trienios: a partires do 1/1/2023

Ratifícase, por asentimento.

7. Acordo, se procede, sobre a interpretación do concepto de “estudante de novo ingreso ao título de grao” no apartado A.1.1 do Anexo I dos Criterios de elaboración da PDA para o curso 2022/23.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado quen explica o problema existente, relativo á bolsa de horas, e propón que se aprobe a seguinte proposta: “o número de estudantes de novo ingreso dun título de grao será o correspondente aos estudantes que se matriculen en primeiro curso por primeira vez ao remate do proceso de preinscrición da CIUG. Non obstante, se nalgunha titulación ese número é menor que o correspondente a estudantes novos matriculados en primeiro curso no momento do cálculo da PDA, tomarase este último número”. É a mesma interpretación que fai a Xunta. Rebeca Díaz pregunta se é para a bolsa de horas deste curso,

e o vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado aclara que será para a bolsa de horas que se vai aprobar proximamente. Fai algún comentario sobre como resultaría a aplicación en certos casos concretos.

Acórdase, por asentimento.

8. Aprobación, se procede, das declaracións de interese de modificación/verificación de títulos de grao, mestrado e doutoramento.

Neste punto solicitou intervir, con voz e sen voto, Soledad Torres Guijarro, secretaria do Departamento de Teoría do Sinal e Comunicaci3ns (TSC), en representaci3n da súa directora, para dar lectura a un manifesto aprobado no mesmo o pasado d3a 9 de marzo. O Reitor autorizou previamente a intervenci3n, segundo disp3n o regulamento de r3xime interno. O manifesto di o seguinte:

O Consello de Departamento de Teoría do Sinal e Comunicaci3ns aprobou por asentimento na súa sesi3n extraordinaria de 9 de marzo de 2022 o seguinte:

1. A sociedade galega, a trav3s da Xunta de Galicia polo seu documento G2030, reclamou ao sistema universitario p3blico que proporcione un t3tulo en Internet das Cousas (IoT nas s3as siglas en ingl3s). As tres universidades responden cunha declaraci3n de interese para un m3ster en IoT, interuniversitario, que no caso da Universidade de Vigo l3vase a aprobaci3n no Consello de Goberno de 11 de marzo de 2022.

2. Polo que indica a declaraci3n de interese presentada, o centro da UVigo implicado na docencia 3 a Escola de Enxeñar3a de Telecomunicaci3n. Segundo a memoria xustificativa, ademais desta Escola na UVigo, impartirse “nos campus de Coru3a (UDC) e Santiago (USC), que contan coas titulaci3ns de Grao directamente relacionadas co 3mbito das TIC”. Este Consello de Departamento interpreta que se refire 3s titulaci3ns de Inform3tica impartidas na Facultade de Inform3tica da UDC e na Escola T3cnica Superior de Enxeñar3a da USC.

3. En canto aos Departamentos implicados, a declaraci3n de interese da UVigo indica que ser3an os seguintes (citados na orde na que aparecen na mesma):

a. Enxeñer3a Telem3tica

b. Teor3a do Sinal e Comunicaci3ns

c. Tecnolox3a Electr3nica

d. Enxeñar3a de Sistemas e Autom3tica

4. A memoria econ3mica precisa m3is: “A meirande parte destes ECTS ser3n impartidos polos Departamentos de Enxeñer3a Telem3tica e de Tecnolox3a Electr3nica, pero tam3n haber3 participaci3n do Departamento de TSC e participaci3n nunha materia optativa por parte do Departamento de Enxeñer3a de Sistemas e Autom3tica”.

5. Este Consello de Departamento considera que o factor diferencial do centro da UVigo, a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, con respecto aos centros que imparten graos en Informática en calquera das universidades públicas galegas, reside nos contidos de comunicacións, sinais e electrónica. Estes contidos están no ámbito do Departamento de Teoría do Sinal e Comunicacións e o terceiro tamén no de Tecnoloxía Electrónica. Os contidos nos que o Departamento de Enxeñaría Telemática está especializado teñen moita similitude cos que poden impartir os centros con titulacións TIC de Santiago de Compostela e A Coruña.

6. Na memoria económica se adianta que “a docencia repartirase aproximadamente por igual, é dicir. Estímase que serán uns 45 ECTS obrigatorios, 3 materias optativas de 3 ECTS (a escoller entre 6) e 6 ECTS de TFM. Dos 45 ECTS obrigatorios, estímase que 27 ECTS serán de tipo teórico, impartidos desde unha das 3 sedes, e 18 ECTS de tipo práctico impartidos nas 3 sedes. Iso fai que o número de ECTS impartidos na UVigo sexa aproximadamente de $27/3$ (teóricas obrigatorias) + 18 (prácticas obrigatorias) + 6 (optativas) = 33 ECTS.” Se os 9 ECTS obrigatorios e 6 optativos da UVigo van ser impartidos polos departamentos de Enxeñaría Telemática e de Tecnoloxía Electrónica, con “participación de TSC”, non semella que a nosa institución vaia ofertar á sociedade galega o mellor das súas fortalezas no que respecta á temática IoT. En realidade, esta distribución anunciada de créditos parece responder a un reparto numérico entre tres partes e non á busca das capacidades de cada Universidade participante de cara a construír o mellor plan de estudos de máster en IoT posible coas fortalezas das universidades públicas galegas.

7. Por outra banda, a expresión de interese do Máster en IoT levada a aprobación ao Consello de Goberno de 11 de marzo de 2022 inclúe a participación na dita titulación do Departamento de Teoría do Sinal e Comunicacións, algo que nunca se consultou ao mesmo. De xeito, o procedemento foi a solicitude de propostas de materias ao profesorado da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación (e non sabemos a quen máis), por medio de correo electrónico, por parte da persoa de contacto nomeada por Resolución Reitoral. Algúns profesores do Departamento responderon ao dito correo con propostas de contidos básicos para IoT e propios da área de coñecemento e, semanas despois, recibiron un correo instándolles a “reorientar lixeiramente a materia” para incorporalos nunha materia optativa sobre Smart City. Non houbo a posibilidade de falar co resto de persoas implicadas na proposta do plan de estudos porque nunca houbo unha xuntanza de todos á vez. De feito, nin sequera é público o nome das persoas que fixeron aportacións ou que participan nunha comisión redactora: a persoa de contacto foi preguntada nunha Xunta de Escola e respondeu que el falara individualmente con cada persoa que aportou algo, pero non dixo quen participara.

8. Nin o Departamento como colectivo nin os membros do mesmo a título individual tiveron posibilidades de confrontar os seus criterios e adaptar as súas aportacións ás opinións ou informacións dos demais participantes xa que non existe unha comisión redactora coñecida.

9. De feito, nas memorias indícase a participación do Departamento de Teoría do Sinal e Comunicacións cando o dito Departamento non foi preguntado ao respecto nin, por iso mesmo, tomou ningunha decisión en Consello de ser parte ou non deste título.

10. Nesta situación, dende o Departamento de Teoría do Sinal e Comunicaci3ns da Universidade de Vigo solicítase transparencia no proceso de redacci3n da memoria da titulaci3n de Máster en IoT e que dende a UVigo se faga o posible para poñer en valor t3daldas súas capacidades no 3mbito, en especial naqueles aspectos nos que non hai solapamento coas outras Universidades p3blicas galegas”.

O reitor agradece a intervenci3n e tomará en conta as suxesti3ns, aínda que precisa certos aspectos da arquitectura institucional nestes asuntos, segundo os Estatutos, onde intervén este consello para aprobaci3n das propostas. Aos centros correspóndenlle certas funci3ns, como é a de presentar as propostas. Pon certos exemplos deste mandato, como o acontecido con Intelixencia Artificial, onde a proposta presentada pola Escola Superior de Enxeñaría Informática, foi rexeitada polo Consello de Goberno, malia que ao final resultou nun grao e nun mestrado. Ás veces, as negociaci3ns requiren de procedementos complexos, onde interveñen distintos axentes. Comenta que fixo unha oferta de titulaci3n dual á Escola de Enxeñaría de Telecomunicaci3n que non atopou interese no centro. Continúa lembrando o proceso coa titulaci3n de Deseño, que non contaba co apoio de Belas Artes, o que orixinou a creaci3n dun novo centro. Tamén fala da titulaci3n sobre Relaci3ns Internacionais, no Campus de Ourense, e que se impartirá posiblemente o ano que ven, sen que ningún centro en especial a reclamase. Asemade comenta o caso de Automoci3n, na Escola de Enxeñaría Industrial. Cada un ten que cumprir coas súas propias funci3ns e responsabilidades. Agora estamos a falar dun estudo feito pola Xunta a través de FEUGA do que derivaron varias titulaci3ns, entre elas, a de “Internet das cousas”. Estas titulaci3ns non viñan dos centros, e teñen que xestionarse desde a Reitoría, desde onde se fixeron diversas consultas á comunidade universitaria sobre os distintos mestrados. Non obstante, sinala que se fará un esforzo sobre a transparencia. Conclúe indicando que os departamentos non teñen competencias en materia de titulaci3ns. Cabería estudar un cambio de cara a unha eventual modificaci3n dos Estatutos, pero agora mesmo o noso marco é o que é.

Rebeca Díaz aclara sobre o grao dual que se ofrecera ao seu centro, e sinala que si fixeron unha declaraci3n de interese, malia que non lles parecía ben que o proxecto fose cunha única empresa. O reitor alégrrase e descúlpase polo malentendido, indicando que sería un bo engadido para a UVigo e que se poñerán a traballar en conxunto, non só coa empresa principal, se non co conxunto do Clúster. Manuel Ramos comenta que se trata dun debate aberto na Escola de Enxeñaría de Telecomunicaci3n e que a idea está activa. Respecto do manifesto, agradece o chamado á transparencia do Departamento implicado, aínda que comenta que o procedemento non comeza ata que se aproban as propostas, o que se fará hoxe, de ser o caso. Valora o debate sobre modelos que se desprende do documento enviado, aínda que entende que non é o momento e o lugar para o dito debate que será, mais ben, no período de elecci3ns.

O reitor cede a continuaci3n a palabra ao vicerreitor de Ordenaci3n Académica e Profesorado, que exp3n o seguinte:

MODIFICACI3NS DE GRAOS:

- Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicaci3n
- Grao en Traducci3n e Interpretaci3n
- Grao en Ciencias da Actividade Física e o Deporte
- Grao en Publicidade e Relaci3ns P3blicas



- Grao en Turismo
- **Grao en Administración e Dirección de Empresas (sendo un título compartido, falta a opinión do outro centro, polo que se adía a decisión ao próximo Consello de Goberno).**

Montserrat Cruz comenta que a modificación de Turismo, que aposta pola mención dual, mellora a demanda do título.

VERIFICACIÓN/MODIFICACIÓN DE MESTRADOS 2023/24

Novas propostas:

- Máster Universitario en Prevención e Tratamento das Drogodependencias e Condutas Adictivas
- Máster Universitario en Criminoloxía
- Máster Universitario en Ciencia e Tecnoloxías da Información Cuántica

Modificacións:

- Máster Universitario en Avogacía
- Máster Universitario en Enxeñaría de Telecomunicación
- Máster Universitario en Ciberseguridade
- Máster Universitario en Enxeñaría Informática

Intervén o director da Escola Superior de Enxeñaría Informática, Francisco Rodríguez, para preguntar cal é a implicación da aprobación da declaración de interese polo Consello de Goberno, e o vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado aclara que se trata de dar comezo á preparación da memoria, unha autorización para continuar co proceso. O director da Escola Superior de Enxeñaría Informática fai constar que o seu centro debería participar no Máster Universitario en Ciencia e Tecnoloxías da Información Cuántica, polo menos na parte de informática cuántica. Manuel Ramos comenta que o transmitirá á comisión redactora.

VERIFICACIÓN/MODIFICACIÓN MÁSTER 2023/24

Novas propostas – G2030:

- Máster Universitario en Economía Circular
- Máster Universitario en Fabricación Aditiva
- Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga
- Máster Universitario en Biofabricación
- Máster Universitario en Xestión da Experiencia do Cliente
- Máster Universitario en E-government eTransformación Dixital
- Máster Universitario en Innovación Educativa
- Máster Universitario en Vehículos Autónomos
- Máster Universitario en Internet of Things
- Máster Universitario en Realidade Estendida

Francisco Rodríguez comenta que se abriron de súpeto demasiados másters e que o procedemento foi un tanto precipitado. Pide que non se considere todo pechado e que as titulacións non se restrinxan a determinados departamentos segundo o previsto agora nas declaracións de interese. O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado aclara que nada do que se poña nas declaracións de interese pecha as portas a ninguén.

VERIFICACIÓN/MODIFICACIÓN DOS PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO 2023/24

Novas propostas:

- Programa de doutoramento en Nanociencia e Biomedicina

Modificacións:

- Programa de doutoramento en Xeotecnoloxías aplicadas á Construción, Enerxía e Industria
 - Programa de doutoramento en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria
 - Programa de doutoramento en Sistemas Software Intelixentes e Adaptables
- Estes dous últimos están pendentes da chegada dun informe positivo, polo que se pide a súa aprobación condicionada ao mesmo.

Todas as declaracións de interese contan coa aprobación da COAP.

Apróbanse, por asentimento, agás o primeiro marcado en vermello.

9. Aprobación, se procede, da equivalencia dos cargos correspondentes a Centros de Investigación Interuniversitarios.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, quen expón o seguinte cadro, motivado pola incorporación do secretario do CISPAC, nomeado pola USC, aínda que pertence á UVigo:

Recoñecemento de actividades de goberno e representación (RAGR)		Porcentaxe	
R.1. Cargos Académicos	R.1.1	Reitor/a	100%
	R.1.2	Vicerreitor/a, Secretario/a Xeral, Valedor/a Universitario/a	75%
	R.1.3	Comisionado/a, Delegada/o na <u>CiUG</u>	62.5%
	R.1.4	Decano/a e Director/a	50%
	R.1.5	Director/a de Área	37.5%
	R.1.6	Director/a de Departamento	18.75%
	R.1.7	Vicedecano/a, Subdirector/a e Secretaria/o Centros	18.75%
	R.1.8	Secretaria/o, Subdirector/a, Xefe/a Sección Departamentos, Centros de Investigación e Agrupacións Estratéxicas	12.5%
	R.1.9	Coordinador/a Grao e Coordinador/a <u>Máster</u> ²	12.5%
R.2. Representación da U.Vigo e outros	R.2.1	Colaborador/a científico/a	25%
	R.2.2	Membro Comisión de acreditación /de avaliación (CER,CEI) ANECA/Comité asesoramento da CNEAI	18.75%
	R.2.3	Xestor/a Programas Investigación Autonomicos	18.75%
	R.2.4	Delegada/o da <u>U.Vigo</u> en Centros Adscritos	12.5%
	R.2.5	Representante da <u>U.Vigo</u> noutras Institucións ³	9.4%
	R.2.6	Representación sindical (segundo o acordado)	
R.3. Órganos de goberno da U.Vigo	R.3.1	Membro de Consello de Goberno da U. Vigo	3%
	R.3.2	Membro do Consello Social da U. Vigo	1%
	R.3.3	Membro do Claustro da U. Vigo	1%
	R.3.4	Membro de Consello de Campus	1%
	R.3.5	Membro de Comisións delegadas do Claustro ou Mesa	2%
	R.3.6	Membro de Comisións delegadas do Consello de Goberno	2%
R.4. Outros	R.4.1	A definir para casos específicos (Aprobación por Consello de Goberno)	

Se propón aplicar a estes cargos as alíneas 1.5 e 1.8, segundo corresponda.

Apróbase, por asentimento.

10. Aprobación, se procede, dos criterios de avaliación da produción de investigación para o ano 2022.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación que indica que este punto se tratará xunto co seguinte.

11. Aprobación, se procede, dos criterios de avaliación da produción de transferencia para o ano 2022.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación quen indica as modificacións respecto da anterior convocatoria:

Mantéñense os mesmos criterios e puntuacións. Incluíuse o colectivo “María Zambrano”.

Cambios na redacción nas notas C ,F, H e K da produción de transferencia.

Nota C: No caso de convenios específicos con institucións ou cátedras, valorarase unicamente o importe das actividades contratadas de I+D nese marco. Neste caso, o responsable do convenio ou cátedra deberá aportar o certificado correspondente, indicando os importes e os investigadores/as participantes

Nota F: A participación dos investigadores/as nas empresas derivadas (spin-offs) comprobarase mediante o Sabi. De non aparecer correctamente no Sabi, requirirase un certificado notarial da participación.

Nota H: Valorarase cun punto cada cinco entradas, ata o máximo especificado, que se corresponderá igualmente coa autoría dun dicionario completo. No caso da publicación dunha nova versión dun dicionario, valorarase como máximo coa metade da puntuación.

Nota K: Neste apartado non se valorarán talleres nin conferencias.

Apróbanse, por asentimento, ambos puntos 10 e 11.

12. Aprobación, se procede, das tarifas de servizos do CINTECX para o ano 2022.

O reitor cede a palabra á Vicerreitora de Investigación que explica as tarifas:

Tarifas dos servizos:

1. Servizos dispoñibles en réxime de autoservizo.
2. Laboratorio de catalogación de vehículos históricos.
3. Unidade de monitorización, recollida e tratamento de datos.
4. Unidade de fabricación. Apoio ao deseño e á construción.

5. Unidade de análises enerxéticas.
6. Unidade de caracterización superficial e materiais.
7. Unidade de simulación numérica e modelado.
8. Unidade de sustentabilidade e recuperación de residuos.
9. Unidade de desenvolvementos tecnolóxicos e asesoría.
10. Servizos de formación.

Tipos de tarifas:

- A. Usuario/a da Universidade de Vigo.
- B. Usuario/a doutros centros públicos de investigación.
- C. Usuario/a de empresas ou de centros de investigación privados.

Intervén Concepción Paz, directora do CINTECX, para apoiar e confirmar a exposición da vicerreitora de Investigación.

Apróbanse, por asentimento.

13. Aprobación da adhesión de Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo á Confederación de Decanos e Decanas das Facultades de Turismo.

O reitor cede a palabra á decana do centro, Montserrat Cruz, membro do Consello de Goberno, que explica a petición, lembrando que xa houbo unha petición deste tipo noutro Consello de Goberno. Comenta que a confederación constituíuse recentemente. O obxectivo é dar a coñecer á sociedade os estudos en Turismo, moi afectados pola pandemia, coa conseguinte caída do alumnado. A Facultade xa participou no primeiro foro. O reitor concorda coa opinión da decana sobre a necesidade de participar neste tipo de iniciativas e anima a poñer en valor esta clase de estudos.

Apróbase, por asentimento.

14. Aprobación, se procede, da proposta de prezos para os complexos residenciais da Universidade de Vigo para o curso 2022/2023.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria quen explica que este punto se trae todos os anos. A proposta da residencia que xa foi aprobada na comisión é manter os prezos actuais co incremento do IPC.

Apróbase, por asentimento.



15. Aprobación, se procede, do acordo das Universidades públicas do SUG sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao para o curso 2022/23.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria indicando que este punto se aproba nos tres consellos de goberno das Universidades do SUG. Apenas contén modificacións respecto do curso pasado. Houbo unha errata nunha das ponderacións e solicita que se corrixa.

Apróbase, por asentimento, coa corrección proposta.

16. Nomeamento en substitución dun membro da comisión de permanencia e progreso no sector de PDI.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria que comunica que a persoa proposta para o nomeamento é: M^a de los Ángeles Peña Gallego.

Resulta nomeada a persoa proposta.

17. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno

- **Comisión de Investigación: 1 estudante e 1 PDI**
- **Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes: 1 PDI**

O reitor informa de que non se presentou candidatura do alumnado.

Polo PDI, na Comisión de Investigación, presentouse José Francisco Asís Montero Reguera. Facultade de Filoloxía e Tradución (non é necesario celebrar eleccións).

Polo PDI, na Comisión de Extensión Universitaria presentouse: M^a Montserrat Cruz González. Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo (non é necesario celebrar eleccións).

Resultan elixidas as persoas que presentaron candidatura.

18. Elección dos/as seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO: 1 PAS; 1 estudante do ámbito Campus do Mar; 1 estudante do ámbito Científico, 1 estudante do ámbito de Humanidades.

O reitor informa de que non se presentaron candidaturas.

19. Quenda de intervencións.

O reitor abre a quenda de intervencións.

Rebeca Díaz pregunta sobre as axudas económicas sobre os graos en inglés e pide información sobre as iniciativas. Asemade, pregunta sobre os proxectos de mobilidade e as dificultades coa ORI. O reitor comenta que a Xerencia puxo un reforzo na ORI para desatranca os procesos, así como unha aportación informática. Sobre os graos en inglés comenta que non se tomou aínda a decisión sobre os cartos que se poden comprometer. Rebeca Díaz insiste na necesidade de resolver os problemas coa ORI. O reitor indica que, probablemente, haberá que desenvolver de xeito informático moitos dos procesos, para axilizalos.

Francisco J. Rodríguez felicita polo laboratorio de comunicación cuántica á UVigo así como que o director do CESGA sexa unha persoa egresada da UVigo. Entende que nese eido debería contarse coa súa Escola. O ano pasado atopouse co problema de distribuír o número de alumnos por aulas (alumnado de continuación) e o período de matrícula era do 15 de agosto ao 15 de setembro. Pregunta se se pode traer ao Consello de Goberno a convocatoria de matrícula. O reitor indica que o estudará.

Xoán Cebro comenta sobre certos correos enviados a comunidade e o concurso de méritos do persoal funcionario. Apunta certas cuestións nas que está en desacordo sobre os procesos xa aprobados na mesa de negociación en relación con algunhas persoas nomeadas para levar a cabo os mesmos. Comenta sobre os atrancos nos permisos por enfermidade do persoal, sobre a base do convenio colectivo, os que se han denegado en certas ocasións, poñendo algún exemplo. Pensa que se debe facer unha reflexión a este respecto, dado que parece que se sospeita nestes casos da boa fe do persoal. Asemade, pregunta ao secretario xeral, en relación coa liberdade de expresión, a dependencia da Asesoría Xurídica e o deber de custodia da documentación, preguntando sobre o uso da documentación da Secretaría Xeral para fins a nivel persoal por parte dalgunha persoa integrante da secretaría. O reitor comenta que todo o mundo é consciente de que as cuestións relativas aos traballadores se negocian nas mesas. O reitor lembra que non está en funcións. Sobre os cargos de confianza, entende que non necesariamente falan polo equipo de goberno. En canto ao nomeamento dos membros de comisión de funcionarización, entende que se trata dun ben para a institución e que se debería apoiar. Anuncia que haberá un Claustro onde haberá un debate sobre a liberdade de expresión. Agradece o traballo dos representantes sindicais. Xoán Cebro apunta que non está a falar da comisión de funcionarización, se non de nomeamento de persoal que actúa en tribunais. Reitera o seu compromiso coa liberdade de expresión e indica que o persoal non entende certas cousas. Remata destacando que ten a conciencia moi tranquila e que asinou moitos acordos ao longo da súa traxectoria. Non lle da valor ao que certas persoas poidan escribir. O reitor comparte o orgullo polos acordos acadados.

Emma Torres pregunta pola creación da Facultade de Dirección e Xestión Pública, dado que quere que se concrete mellor o procedemento que se está a seguir. Quere iniciar un debate sobre a docencia nos mestrados, dada a desmotivación do profesorado a este respecto, polo maior nivel de esixencia destes estudos. Tamén hai problemas para conseguir coordinadores polo escaso recoñecemento docente. No asunto das infraestruturas, comenta os fallos na wifi. Insiste na necesidade de certas obras no seu centro (estudio de tv ou de cine) e a necesidade dunha remodelación máis profunda do seu centro. Finaliza cunha reflexión sobre a convocatoria Erasmus en relación con Ucraína, para apoiar a certos bolseiros dese país. O reitor comenta que certamente os problemas de recrutamento de persoal para cargos de xestión poderán suavizarse de incluírse o recoñecemento de cargos de xestión no sexenio de transferencia. Admite certos problemas coa wifi, pero está prevista unha mudanza total dos sistemas de comunicación alámbrica e inalámbrica a nivel de toda a Universidade, cos fondos de dixitalización.



Pide colaboración da comunidade universitaria para axudar sobre situacións relativas ás persoas universitarias en Ucraia.

Pedro Carro, representante do alumnado, comenta sobre o wifi que se estudara deixar de facer bloqueos arbitrarios a certos servizos web. O reitor pídelle que lle pase os datos técnicos concretos, para estudar o asunto. Agradece a divulgación das eleccións entre o alumnado, aínda que a situación de participación entende que é crítica. O reitor comenta que haberá que modificar os Estatutos de cara á nova LOSU, o que incidirá na representación do alumnado nos órganos de goberno. O reitor aspiraría a que as prazas de estudantes non quedaran baleiras, porque é un dereito que convén incentivar. Para Pedro Carro o problema é que as compensacións para o alumnado ao participar en órganos de goberno son escasas; incrementalas podería ser un atractivo.

Sen máis asuntos na orde do día, remata a sesión ás 13:35 h do día 11 de marzo de 2022, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral